



O 15/02/2023 tivo entrada neste centro directivo un escrito da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) da Consellería de Sanidade.

A proposta de modificación acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da Consellería de Sanidade
- Memoria-informe da Dirección Xeral da Función Pública sobre a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade
- Anexo de equivalencias

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO.- A modificación da RPT proposta faise en relación coa funcionarización dun posto de Titulado/a superior médico para facilitar a toma de posesión no proceso selectivo para o ingreso na escala de facultativo superior de servizos sociais, especialidade en medicina, da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Proponse funcionarizar o seguinte posto de traballo:

Centro directivo: Dirección Xeral de Saúde Pública

Centro de destino	Código do posto	Denominación	Grupo	Categ.	Aplicación orzamentaria	Liña orzamentaria	Importe anual
S.X. de Programas de Fomento de Estilos Saudables	SA.C03.00.003.15770.052	Titulado/a superior médico	I	2	12 02 413 A	3395	43.574,71 €



O novo posto funcionarizado terá as seguintes características:

Centro directivo: Dirección Xeral de Saúde Pública							
Centro de destino	Código do posto	Denominación	Grupo	Corpo/ Escala	Aplicación orzamentaria	Liña orzamentaria	Importe anual
S.X. de Programas de Fomento de Estilos Saudables	SA.C03.00.003.15770.052	Médico/a	A1	ESS1	12 02 413 A	Pendente de asignar por orzamentos	46.242,92 €

TERCEIRO.- Esta modificación supón un custo adicional de 2.668,21 €, que será financiado, segundo establece a memoria xustificativa, co remanente de +18.023,47 € resultante da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde que está na Dirección Xeral da Función Pública para a súa tramitación.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, **INFORMA FAVORABLEMENTE** o proxecto de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade.

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA. CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

